

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 14 DE MARZO DE 2013,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción da urbanización da rúa Bernardo Sagasta en Cuntis. PO-220, no concello de Cuntis.
- Decreto polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas.

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Decreto polo que se declara ben de interese cultural, coa categoría de zona arqueolóxica, o Facho de Donón, no termo municipal de Cangas, na provincia de Pontevedra.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se declara de incidencia supramunicipal o proxecto de actividades extractivas da concesión de explotación Morada nº 4810.1 (concello de Melón, Ourense), como proxecto sectorial de incidencia supramunicipal, para os efectos previstos na Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre a Resolución pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para o ano 2013 a proxectos de enerxías renovables, con financiamento procedente de fondos comunitarios derivados do Programa operativo Feder-Galicia 2007-2013.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe de situación das iniciativas en compra pública innovadora (CPI) dentro dos plans de innovación en H2050 e Innova Saúde.
- Informe sobre o inicio de licitación da redacción do Plan director do Hospital da Costa de Burela, Lugo.

A XUNTA ACONDICIONARÁ A ESTRADA PO-220 AO SEU PASO POLO CASCO URBANO DE CUNTIS, O QUE IMPLICARÁ IMPORTANTES MELLORAS NA RÚA BERNARDO SAGASTA

- *O Consello da Xunta declarou esta mañá a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por esta actuación*
- *As obras suporán un investimento de case 400.000 euros e comezarán o segundo semestre deste ano*
- *A urbanización desta vía consistirá na reordenación da circulación do tráfico rodado na rúa, que pasará a ter un só sentido de circulación, na renovación do firme da calzada e na adaptación da sinalización horizontal e vertical*
- *Ademais acometerase a renovación e alargamento das beirarrúas existentes e dotarase de zona de axardinamento e mobiliario urbano*
- *A poboación beneficiada por esta actuación, que ten un prazo de execución de seis meses, son os case 5.000 veciños de Cuntis*

As obras de urbanización da rúa Bernardo Sagasta, no concello de Cuntis, iniciaranse no segundo semestre deste ano, despois de que o Consello da Xunta, na súa reunión desta mañá, aprobara o Decreto polo que se declara de utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados por este proxecto que mellorará a estrada PO-220 (O Pino-Cuntis) no treito que discorre polo núcleo urbano de Cuntis, e que implica un investimento de case 400.000 euros.

O treito, de case un quilómetro, presenta na actualidade deficiencias que inciden de maneira importante na seguridade dos usuarios da mencionada vía, tanto dos peóns como dos condutores. A modo de exemplo, a sección dispoñible para a circulación dos vehículos en ambos os sentidos é só de 4,25 metros e, en relación coas beirarrúas, cómpre sinalar que sofren unha importante deterioración e non están adaptadas á normativa de accesibilidade e supresión de barreiras arquitectónicas.

Estas circunstancias obrigan a unha inmediata actuación para solucionar os problemas de seguridade viaria. O decreto de urxente ocupación ten como obxectivo a expropiación dun predio necesario para executar a obra.

O proxecto de urbanización desta vía, que pertence á rede secundaria da Xunta de Galicia, consistirá na reordenación da circulación do tráfico rodado na rúa, que pasará a ter un só sentido de circulación, na renovación do firme da calzada, a adaptación da sinalización horizontal e vertical, a habilitación de novos pasos de peóns e a renovación e alargamento das beirarrúas existentes. Tamén se realizará a adaptación dos servizos afectados á nova xeometría da rúa, como por exemplo os sumidoiros. Por último, a rúa humanizarase dotándoa de zona de axardinamento e mobiliario urbano.

A poboación beneficiada por esta actuación, que ten un prazo de execución de seis meses, son os case 5.000 veciños de Cuntis, que, ao remate das obras, disporán dunha estrada dun só sentido de circulación máis seguro e máis transitable, tanto para os peóns como para os vehículos.

Na imaxe pode observarse a zona en que se executarán os traballos de urbanización e humanización da estrada Bernardo Sagasta, en Cuntis:



A XUNTA APROBA O DECRETO QUE PRIORIZARÁ AS ACTUACIÓNS HIDRÁULICAS PROMOVIDAS POR CONSORCIOS OU MANCOMUNIDADES LOCAIS

- ***O Consello aprobou hoxe o decreto que desenvolve a Lei de augas de Galicia, no cal se refire á execución e explotación de infraestruturas hidráulicas***
- ***Tamén se define o procedemento polo que se poderá declarar unha obra hidráulica como de interese da Comunidade Autónoma, o que permitirá axilizar a súa tramitación e execución***
- ***A Xunta dará prioridade ás actuacións promovidas por entidades locais supramunicipais, como mancomunidades ou consorcios***

Os concellos de Galicia poderán á Xunta a partir de abril a xestión e explotación das súas depuradoras, tal e como establece o decreto aprobado hoxe polo Consello da Xunta polo que se desenvolve a Lei de augas de Galicia 9/2010, do 4 de novembro, no que se refire á execución e explotación de infraestruturas hidráulicas. Ademais, prímase a asociación de concellos para prestar servizos: establécese a prioridade para as actuacións promovidas por entidades locais supramunicipais, como mancomunidade ou consorcios que se encarguen da xestión do ciclo da auga. Este é o cuarto decreto dos seis previstos para desenvolver a Lei de augas de Galicia.

O texto autorizado hoxe polo Goberno galego establece as condicións en que a Xunta asumirá o servizo de depuración prestado por concellos, sempre que estes o soliciten e nos casos daquelas depuradoras con capacidade para prestar servizo a máis de 2.000 habitantes.

As condicións que se deberán cumprir e que quedarán recollidas nun convenio de colaboración son as seguintes:

- Ter aprobada e en vigor unha ordenanza do servizo de saneamento
- Estar ao día do cobramento do canon da auga
- As instalacións que se transfiran deberán contar con todas as licenzas e autorizacións necesarias ou ter iniciado o procedemento para obtelas
- De existir unha xestión indirecta, deberán extinguirse os contratos existentes
- Achegarase unha auditoría do estado da EDAR antes de asumir a explotación

Por outra banda, o comezo da explotación coincidirá co inicio do cobramento do coeficiente de vertedura e coa supresión da taxa municipal de depuración.

Tal e como se recolle no decreto, prevese que a prestación deste servizo se poderá estender para a pequena depuración en colaboración coas deputacións provinciais ou outros entes supramunicipais. Esta opción xa se está a desenvolver cos concellos da comarca de Valdeorras e coa Deputación Provincial de Ourense a través do Consorcio da

Auga de Valdeorras, que permitirá a xestión unificada do servizo de depuración nese territorio, desde a EDAR do Barco ata a mais pequena das fosas sépticas rurais.

Galicia conta actualmente con 151 estacións depuradoras de augas residuais urbanas con capacidade de tratamento para máis de 2.000 habitantes, das que 26 xa están a ser xestionadas pola Xunta.

Obras de interese da Comunidade

O decreto tamén establece o procedemento para a tramitación das obras hidráulicas que se declaren como de interese da Comunidade Autónoma, de acordo co previsto pola Lei de Augas de Galicia, co cal a Xunta adquire a competencia para executalas. Estas actuacións serán obras que se inclúan como tal nos plans calegos de abastecemento e saneamento do plan hidrolóxico Galicia-Costa ou naqueles casos en que o Consello da Xunta o declare especificamente.

Con esta medida optimizaranse os tempos de tramitación, a posta a disposición dos terreos, autorizacións ou permisos, co fin de garantir a subministración de auga á poboación e a consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados baixo os principios da Directiva marco da auga.

Execución de obras municipais por parte da Xunta

A Xunta de Galicia ten o compromiso de seguir colaborando coas entidades locais na execución de obras de saneamento e abastecemento que estas soliciten. A través desta colaboración, regulada por decretos dos anos 1987 e 1997, lévanse mobilizados máis de 900 millóns de euros en obras hidráulicas na nosa Comunidade Autónoma.

O decreto aprobado hoxe introduce novidades na colaboración técnico-financeira entre a Xunta e as entidades locais, na procura dunha maior seguridade xurídica, en especial no que respecta á dispoñibilidade dos terreos e á obtención de autorizacións, á compatibilidade das actuacións co planeamento e coa obriga de sometemento dos proxectos á información pública.

Esta colaboración técnica inclúe tamén a redacción dos documentos técnicos previos necesarios. Un traballo moi importante para a Administración, tal e como demostran os máis de 350 estudos, anteprojectos ou proxectos de actuacións que se redactaron nos últimos catro anos. As maiores novidades no procedemento, co que se busca unha maior seguridade xurídica, son:

- Máis transparencia: un período de información pública de 30 días para os proxectos.
- Máis garantía ambiental: coordinarase a tramitación ambiental coa tramitación da colaboración técnico- financeira.
- Evítanse os atrasos por falla de dispoñibilidade de terreos ou autorizacións: deberase acreditar a dispoñibilidade efectiva dos terreos ou, de ser o caso, o inicio

dun expediente expropiatorio. Tamén, como mínimo, o inicio dos trámites para a obtención das autorizacións necesarias para a execución das obras e da compatibilidade das actuacións co planeamento.

- Prímase a asociación de concellos para prestar servizos: establécese a prioridade para as actuacións promovidas por entidades locais supramunicipais, como mancomunidades ou consorcios que se encarguen da xestión do ciclo da auga.

Intervención da Xunta

Co obxectivo de garantir a correcta prestación de servizos de abastecemento e saneamento, cando se aprecie a imposibilidade por parte da entidade local de cumprir coas súas obrigas, o novo decreto autoriza a Augas de Galicia a intervir o abastecemento ou a depuración cando:

- As analíticas da auga subministrada nos depósitos de cabeceira incumpran reiteradamente os parámetros establecidos na normativa.
- Se produzan cortes periódicos nas subministracións ou redución ostensible da presión.
- As verteduras de augas residuais depuradas incumpran reiteradamente os parámetros.
- Se incumpran os parámetros de calidade de servizos.
- Non se realicen as tarefas de conservación e mantemento adecuadas das infraestruturas.

Será necesaria a aprobación por parte do Consello da Xunta; pero en ningún caso a entidade local perderá a responsabilidade. Augas de Galicia repercutirá posteriormente o custo da intervención á entidade local.

A XUNTA DE GALICIA DECLARA BEN DE INTERESE CULTURAL O FACHO DE DONÓN, EN CANGAS

- ***A Consellería de Cultura e Educación enmarca esta declaración no seu labor de protexer, conservar e difundir unha zona arqueolóxica excepcional e única dentro do ámbito peninsular***
- ***O gran valor desta área, situada no extremo occidental da península do Morrazo, xustifícase pola existencia dun notable santuario composto por unha grande cantidade de aras-estela dedicadas a un mesmo deus céltico indíxena, polas características únicas destas e pola cronoloxía verificada para o culto***
- ***Ademais, o lugar acolle sitios arqueolóxicos que inclúen petróglifos e asentamentos humanos desde o século X a.C ao século V d.C, que corresponden co Bronce Final, Idade do Ferro, Época Romana e comezos da Alta Idade Media***

O Consello da Xunta acaba de declarar ben de interese cultural, coa categoría de zona arqueolóxica, o Facho de Donón, no termo municipal de Cangas, na provincia de Pontevedra. A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria enmarca esta declaración no seu labor de protexer, conservar e difundir unha zona arqueolóxica excepcional e única dentro do ámbito galego e peninsular.

O Facho de Donón, situado no extremo occidental da península do Morrazo, ocupa un promontorio que sobresaia na paisaxe, elevado sobre o mar nun cantil de máis de 180 metros, e cun gran dominio visual sobre o océano e as Illas Cíes e Ons. Este lugar, próximo da aldea de Donón e pertencente á parroquia de Santo André de Hío, alberga unha zona arqueolóxica excepcional e única no contexto peninsular.

O seu gran valor xustifícase, principalmente, pola existencia dun notable santuario composto por unha grande cantidade de aras-estela dedicadas a un mesmo deus céltico indíxena; polas características únicas destas; e pola cronoloxía verificada para o culto. Ademais, o lugar acolle sitios arqueolóxicos pertencentes a un arco cronolóxico e tipolóxico moi amplo, xa que inclúe petróglifos e asentamentos humanos desde o século X a.C ao século V d.C, que se corresponden co Bronce Final, Idade do Ferro, Época Romana e comezos da Alta Idade Media.

Esta declaración BIC, a primeira dun santuario precristián de tradición prerromana, establece un ámbito de protección que recoñece os valores singulares deste xacemento, permitindo ademais a súa adecuada protección e conservación. Agora, tamén poderán iniciarse actuacións de posta en valor que permitirán, mediante iniciativas de investigación, documentación e planificación, afondar no seu coñecemento e valorización científica e cultural.

Participación experta e da poboación local na tramitación do expediente

O 19 de decembro de 2011 a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural incoou o procedemento para a declaración como ben de interese cultural do Facho de Donón. A continuación abriuse un prazo para recibir alegacións e solicitáronse diferentes informes consultivos á Universidade de Vigo, á Real Academia de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, ao Consello da Cultura Galega e á Comisión Territorial do Patrimonio Histórico de Pontevedra, todos os cales emitiron un informe favorable á declaración.

Tendo en conta tanto as recomendacións feitas polos órganos consultados, as alegacións e as demandas formuladas nas conversas mantidas cos veciños afectados, procedeuse a delimitar con carácter definitivo o ámbito do ben e máis do establecemento dos usos e criterios básicos de protección e salvagarda.

Xacemento arqueolóxico excepcional

No que se refire ao santuario, o deus a que se dedican as máis de 175 aras existentes no Facho de Donón recibe o apelativo de 'Lar Berobreo' e non se coñece outro lugar no que exista tan alta concentración de aras dedicadas a un mesmo deus indíxena. Estas aras teñen a particularidade de ser ao mesmo tempo estelas fincadas, con connotacións funerarias, e ergueitas por dedicantes anónimos.

Así mesmo, en relación ás aras, consta que comezaron a ser colocadas a finais do século II d.C, durante polo menos cinco ou seis xeracións, ata que a comezos do século V d.C. aparecen indicios de cristianización e o lugar é abandonado. Porén, existen evidencias de actividade cultural anterior ao comezo da colocación das aras-estela, como é a existencia no lugar dun lacus; o que pode retrotraer o uso do lugar como santuario ata finais da Idade do Bronce.

Ao santuario acudían en peregrinación romeiros para agradecerlle ao deus a protección prestada fronte a unha enfermidade grave, de xeito semellante ás romaxes tradicionais e das que é o antecedente máis antigo coñecido; así, as aras-estelas actúan do mesmo xeito que os ex-votos.

Ao lado deste sobranceiro ben patrimonial existe outro que tamén posúe singular relevancia e que está nun excelente estado de conservación, trátase do xacemento de Punxeiros/As Cortes, despoboado antes do século XX, e o seu espazo agrario. Este xacemento conforma un espazo agrario fosilizado acompañado de vivendas dun elevado interese patrimonial que, ademais, posúe o dobre valor arqueolóxico e etnolóxico.

Un terceiro valemto deste lugar é o inmaterial, que actúa de forma transversal e sinérxica cos outros. Segundo a tradición lendaria, desde o cantil denominado a Banda da Figueiriña e a Costa do Río parten as ánimas no seu camiño para o Alén, neste sentido os mariñeiros afirmarían ter visto desde o mar as luces das ánimas ou da Compañía no cantil. Isto ten relación coa crenza máis ampla do tránsito das ánimas desde terra firme cara as illas Ons e Cíes e, desde elas, para o Máis Alá.

Por conseguinte, a conxunción no mesmo lugar de todos estes elementos pertencentes ao patrimonio cultural galego outórganlle de abondo a calidade de sobranceiro necesaria para a súa declaración como ben de interese cultural.

A XUNTA AVANZA NO PROXECTO MINEIRO DE GRANITO QUE CREARÁ MÁIS DE 30 EMPREGOS NO CONCELLO OURENSÁN DE MELÓN

- ***Permitirá a extracción de granito ornamental contando cun investimento, para o primeiro ano de actividade, superior aos 120.000 euros***
- ***A explotación será compatible co Parque Eólico Deva, que conta con 9 aeroxeradores no municipio ourensán***

O Consello da Xunta declarou hoxe a incidencia supramunicipal do proxecto sectorial de actividades extractivas da explotación Morada. O dito proxecto, situado no concello ourensán de Melón, permitirá a extracción de granito ornamental contando cun investimento, para o primeiro ano de actividade, superior aos 120.000 euros, e xerando máis de 30 postos de traballo directos e indirectos na comarca.

Deste xeito, a Xunta de Galicia prosegue coa súa aposta por poñer en valor os recursos mineiros cos que conta a Comunidade, iniciando os trámites para a realización dunha explotación que se desenvolverá durante os próximos 30 anos. O proxecto, solicitado por Minor Galicia S.L., abarcará un total de 13 hectáreas no municipio de Melón que serán restauradas segundo avancen os traballos, conseguindo, ao final, a recuperación do terreo.

Contribúese así á creación de emprego e á atracción de investimentos a través dunha minaría ambientalmente sustentable e segura, e cuxos recursos benefician ao conxunto da sociedade. Neste contexto, estase a impulsar a mellora da innovación e da competitividade no sector, incentivando a investigación, colaborando cos clusters empresariais e impulsando os centros tecnolóxicos da lousa e do propio granito, que realizan un importante labor de I + D + i.

Por outra banda, cómpre salientar que a explotación mineira de Melón, proxectada en solo rústico de protección de infraestruturas para parques eólicos, será compatible co Parque Eólico Deva que, con 66 aeroxeneradores e unha potencia total próxima aos 40 MW, conta con 9 aeroxeradores neste municipio ourensán.

Deste xeito, harmonízase a actividade extractiva coa planificación territorial, co ambiente e cun desenvolvemento sustentable, compatibilizando ambas as actividades e contribuíndo á mellora das condicións económicas e sociais da zona de implantación do proxecto.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS PARA O FOMENTO DAS ENERXÍAS RENOVABLES EN EMPRESAS E FOGARES GALEGOS

- ***O novo programa de axudas impulsará 600 proxectos que xerarán un investimento asociado de 5 millóns de euros, evitando a emisión a atmosfera de preto de 5.200 toneladas de CO₂ ao ano***
- ***A actuación contribuirá ao aforro das empresas, institucións sen ánimo de lucro e familias e impulsará a competitividade do tecido empresarial***
- ***Incrementábase en máis dun 60% o orzamento para caldeiras de biomasa ante o crecente interese da cidadanía nesta fonte de enerxía***

O novo programa de axudas a enerxías renovables, promovido pola Consellería de Economía e Industria a través do Inega, conta este ano cunha partida de 2,1 millóns de euros. A través deste investimento, o Goberno galego prosegue o seu labor de fomento das enerxías renovables nas empresas e fogares de Galicia, aspirando a desenvolver 600 proxectos que xerarán un investimento asociado de 5 millóns de euros, evitando a emisión á atmosfera de preto de 5.200 toneladas de CO₂.

A actuación, da que se informou hoxe no Consello da Xunta, contribúe de maneira directa no aforro enerxético e económico que acadarán tanto as familias como as empresas beneficiarias, ás cales lles permitirá ademais impulsar a súa competitividade. Neste sentido, e co obxectivo de fomentar estas enerxías entre os particulares, as institucións sen ánimo de lucro e as pequenas empresas, priorízase a intensidade da axuda nestos casos acadando o 65% fronte ao 45% das grandes empresas.

As enerxías que se proxectan son a biomasa, a solar térmica, a solar fotovoltaica illada e a non illada. Esta convocatoria presta especial atención á primeira, as caldeiras de biomasa, debido ao crecente interese da cidadanía nesta fonte de enerxía, incrementándose o orzamento para a instalación destes equipos en máis dun 60% e chegando ata 1,4 millóns de euros. Neste caso, as axudas alcanzan un máximo por proxecto de 30.000 euros.

Pola súa banda os apoios para proxectos de enerxía solar térmica chegarán ata os 60.000 euros por proxecto; e no caso das solares fotovoltaicas a un máximo de 20.000 euros por proxecto.

Para a convocatoria deste ano establécese un réxime de concorrencia non competitiva, perseguíndose deste xeito axilizar o procedemento, posto que permite que o prazo de presentación de solicitudes estea aberto durante máis tempo. Así, o dito prazo abrirase 5 días despois da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e estenderase ata o vindeiro 7 de outubro.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE LICITARÁ, NO PRIMEIRO SEMESTRE DESTE ANO, 18 CONTRATOS DE COMPRA PÚBLICA INNOVADORA POR UN IMPORTE DE 18,4 MILLÓNS DE EUROS

- *O Sergas habilitou un diálogo técnico co mercado mediante unha convocatoria aberta de solucións innovadoras no marco dos proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde*
- *Dende a publicación no Diario Oficial de Galicia, en abril do pasado ano, recibíronse un total de 270 propostas de solución innovadoras presentadas por 94 entidades, o 63% delas galegas*
- *Ata a actualidade, o departamento que dirixe Rocío Mosquera publicou un total de 18 fichas de avance, nas cales se describe o alcance de cada subproxecto*
- *Hoxe xoves, o Sergas publica na web (www.sergas.es/H2050-innovasaude) o mapa de demanda temperá, instrumento novidoso que facilitará información valiosa ás empresas para que orienten as súas iniciativas de I+D+i cara a futuras licitacións*

O Consello da Xunta de Galicia reunido no día de hoxe abordou un informe da Consellería de Sanidade, no cal se recolle a situación actual da convocatoria aberta de propostas de solucións innovadoras que promove o Servizo Galego de Saúde como primeiro paso para instrumentalizar o proceso de compra pública innovadora no marco dos proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde. Estas dúas iniciativas están cofinanciadas mediante fondos Feder a través do Programa operativo *Fondo Tecnolóxico, por e para o beneficio das empresas*, xestionado polo Ministerio de Economía e Competitividade, por un importe de 90M€

O documento incorpora, ademais, información relativa á publicación das 18 fichas de avance dos proxectos. Con estas iniciativas o Sergas persegue mellorar a calidade de vida da cidadanía no fogar mediante a implantación de dispositivos intelixentes que soporten a comunicación dos profesionais sanitarios cos pacientes e cos seus cuidadores, unha comunicación orientada á prevención e promoción da saúde, á vixilancia e ao seguimento de patoloxías, especialmente de carácter crónico, e á hospitalización a domicilio. Ao mesmo tempo, aborda a xestión das urxencias sanitarias e o seguimento dos pacientes e profesionais como ferramenta de mellora da calidade na asistencia.

O informe avanza no desenvolvemento de plataformas tecnolóxicas que permiten tanto o diagnóstico por imaxe multicentro como o diagnóstico asistido por ordenador. Afonda no uso da teleasistencia, fomentando redes de especialistas facilmente localizables en calquera lugar a través de dispositivos móbiles. Aborda, tamén, o deseño de habitacións intelixentes nos centros hospitalarios, e todo iso baixo o paradigma dunha sanidade dixital segura que permita salvagardar a confidencialidade, dispoñibilidade e calidade da información dos nosos cidadáns.

Contratos que se licitan

Os 18 contratos que se licitarán son: desenvolvemento dun software de control da demanda e actividade asistencial en estruturas sanitarias integradas, por 2,58 millóns de euros; desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica concentradora de localización e eventos, por 0,93 millóns de euros; desenvolvemento dun software de planificación e xestión da actividade de profesionais no ámbito sanitario, por 0,72 millóns de euros; adquisición e adaptación dunha plataforma de vídeo e audioconferencia para telemedicina, por 0,52 millóns de euros; desenvolvemento dunha plataforma concentradora de sinais procedentes de múltiples sensores clínicos, por 0,93 millóns de euros; desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica multicentro de diagnóstico por imaxe, por 1,1 millóns de euros; desenvolvemento dunha plataforma de indexación e dixitalización da información clínica e dicomización e dixitalización nativa da información procedente de equipamento diagnóstico, por 1 millón de euros; desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica de xestión do coñecemento no ámbito sanitario, por 0,73 millóns de euros; desenvolvemento dun software de xestión de alertas en procesos de atención sanitaria, por 0,73 millóns de euros; desenvolvemento dunha plataforma tecnolóxica de xestión de pacientes en urxencias, por 2,1 millóns de euros; desenvolvemento dun portal web integral de servizos personalizados para o paciente, por 0,6 millóns de euros; desenvolvemento dunha plataforma loxística para implantar o fogar dixital asistencial, por 2,6 millóns; desenvolvemento dunha plataforma multiespecialidade de procesamento avanzado de imaxe médica dixital para axuda ao diagnóstico, por 0,72 millóns de euros; implementación dun laboratorio de seguridade especializada no ámbito sanitario, por 0,52 millóns de euros; desenvolvemento dun software para a xestión e seguridade clínica no proceso cirúrxico, por 0,52 millóns de euros; desenvolvemento dunha plataforma de explotación de información e xestión de datos clínicos e epidemiolóxicos, por 1 millón de euros; desenvolvemento de algoritmos CAD para nódulos de cancro de pulmón e melanoma, por 0,73 millóns de euros; e desenvolvemento dun sistema de control de dose a pacientes, por 0,36 millóns de euros.

Estes contratos teñen un importe total de 18,4 millóns de euros.

270 propostas recibidas

O Servizo Galego de Saúde habilitou un diálogo técnico co mercado mediante unha convocatoria aberta de solucións innovadoras no marco dos proxectos Hospital 2050 e Innova Saúde. Dende a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, en abril do pasado ano, recibíronse un total de 270 propostas de solucións innovadoras presentadas por 94 entidades (84 empresas privadas e 10 entidades de investigación), o maior número (170) procede da nosa Comunidade Autónoma.

Ata a actualidade o Sergas publica 18 fichas técnicas que lles serven ás empresas para ter un coñecemento detallado de todos os subproxectos.

Hoxe xoves, o Servizo Galego de Saúde publica na web (www.sergas.es/H2050-innovasaude) o mapa de demanda temperá, instrumento novidoso, posto que permite

anticipar ao mercado as necesidades da Administración e, polo tanto, facilitar información valiosa ás empresas para que orienten as súas iniciativas de I+D+i cara a futuras licitacións.

Ademais, algunhas destas futuras contratacións serán susceptibles de recibir axuda do Ministerio de Economía e Competitividade, a través do Centro para o Desenvolvemento Tecnolóxico Industrial (CDTI), no marco do programa Innodemanda, un instrumento de financiamento de apoio á oferta tecnolóxica que concorra aos procesos de compra pública innovadora.

O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE INICIA A LICITACIÓN DA REDACCIÓN DO PLAN DIRECTOR DO HOSPITAL DA COSTA

- ***O Diario Oficial de Galicia de mañá venres publicará o anuncio indicativo do contrato do servizo para a redacción do Plan director***
- ***O custo estimado da licitación da redacción do Plan director será de 143.392 euros***
- ***Esta medida posibilitará ampliar o centro e realizar as reformas necesarias para que os cidadáns da Mariña conten cun hospital moderno, innovador e de futuro***

O Consello da Xunta examinou un informe da Consellería de Sanidade referido ao inicio da licitación da redacción do Plan Director do Hospital da Costa, que vai permitir ampliálo e realizar as reformas necesarias para que os cidadáns da Mariña conten cun hospital moderno, innovador, de futuro e con maior capacidade para prestar coidados e servizos.

O custo estimado da licitación da redacción do Plan director será de 143.392 euros. Para tal efecto, o *Diario Oficial de Galicia* de mañá venres publicará o anuncio indicativo do contrato do servizo para a redacción do Plan director.

Tal e como se recolle no informe, logo de analizar as distintas posibilidades de ampliación do hospital, óptase inicialmente pola ampliación lateral leste como a opción máis viable. A distribución dos servizos e unidades prevista é, no semisoto, hospital de día e unidade de diálise; no andar baixo, consultas externas e gabinetes de exploración; e nos andares primeiro e segundo, cirurxía maior ambulatoria e hospitalización.

Tras ser aprobado o plan funcional, o departamento que dirixe Rocío Mosquera procede a licitar a redacción do Plan director.